



**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA
E O CENTRO GALICIA DE BUENOS AIRES, CULTURAL, SOCIAL Y DEPORTIVO CON
MOTIVO DA EXPOSICIÓN “GALICIA UN RELATO NO MUNDO”**

06 de novembro de 2019, En Santiago de Compostela

REUNIDOS

Dunha parte, **FUNDACION CIDADE DA CULTURA DE GALICIA**, con domicilio social en Cidade da Cultura de Galicia, situada en Santiago de Compostela (A Coruña), Monte Gaiás s/n, e provista do NIF G15721640.

Está representada neste acto por D. Manuel Vila López, na súa condición de Secretario do Padroado, conforme aceptación do cargo efectuada no Padroado da Fundación na sesión do 12 de decembro de 2018, elevado a público ante o notario en data de 20 de marzo de 2019 con número de Protocolo, e en exercicio dos poderes delegados ao posto de Secretario do Padroado nos supostos de substitución temporal da Directora-Xerente, delegación acordada na sesión do Padroado da Fundación do día 13 de decembro de 2017.

Doutro, **CENTRO GALICIA DE BUENOS AIRES, CULTURAL, SOCIAL Y DEPORTIVO**, con domicilio na rúa Bartolomé Mitre 2552, Ciudad Autónoma de Buenos Aires, Argentina.

Está representada neste acto por D. José María Vila Alén, na súa condición de Presidente da entidade, segundo acordo da Asemblea Xeral Ordinaria de, e conforme aos poderes establecidos nos estatutos sociais da entidade.

EXPOÑEN

I.- A Fundación Cidade da Cultura de Galicia (en diante, Fundación Cidade da Cultura de Galicia ou Fundación) foi constituída o 27 de decembro de 1999, como “organización de natureza fundacional, de interese galego, sen ánimo de lucro, cun patrimonio afecto de maneira duradeira á realización dos fins de interese xeral propios da Institución”.

Mediante a Orde da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública do 11 de xaneiro de 2000 (DOG núm. 11 do 18 de xaneiro), clasificouse a fundación como cultural e adscribiuse á Consellería de Cultura. Por Orde da Consellería de Cultura do 19 de xaneiro do 2000 (DOG núm. 26 do 8 de febreiro) declarouse de interese galego e inscribiuse no rexistro de fundacións desta consellería co número 73.

Esta Fundación Cidade da Cultura de Galicia forma parte do sector público da Comunidade Autónoma de Galicia. Na actualidade está adscrita á Consellería de Cultura e Turismo, que exerce o seu protectorado e cuxo conselleiro ostenta a presidencia do Padroado, órgano reitor máximo da Fundación.

II.- Que a Fundación Cidade da Cultura de Galicia ten por obxecto *a creación, explotación e promoción de áreas ou centros de conservación, produción, exhibición y consumo cultural, comunicativo e tecnolóxico que constitúa un espazo multifuncional, multidisciplinar e aglutinador propicio a interacción cultural.*





III.- Para a consecución dos fins mencionados no punto anterior, e consonte o previsto no artigo 7 dos seus Estatutos, a FUNDACIÓN pode realizar (entre outras) as seguintes actividades:

a) As necesarias para converterse nun actor clave na difusión cultural, que sirva de punto de encontro entre os cidadáns e a cultura.

Visto o anterior, a Fundación Cidade da Cultura de Galicia dentro do seu programa de exposicións, inclúe a organización, desenvolvemento ou apoio de eventos culturais de interese para a difusión da Cidade da Cultura de Galicia, entre os que se atopa a exposición ***Galicia, un relato no mundo***, que terá lugar no Museo Centro Gaiás, da Cidade da Cultura en Santiago de Compostela, e ten prevista a súa inauguración o 14 de novembro de 2019 e a súa clausura o 12 de abril de 2020.

Se trata dunha exposición que explora o intercambio e os contactos entre Galicia e o resto do mundo desde a prehistoria ata os nosos días. A exposición permite observar as grandes dinámicas que marcan esa relación desde os tempos máis remotos, coma a posición xeográfica entre o Atlántico e o Mediterráneo, as diferentes influencias da costa e do interior, a presenza de recursos minerais, ou o uso do mundo como un espazo de oportunidades individuais nas diferentes emigracións. A exposición explora Galicia como un territorio que está presente de maneira individualizada nos grandes relatos da Historia, cuestionando o tópico do illamento e a periferia.

A exposición está organizada en dúas plantas. A primeira planta se centra nas chegadas a Galicia de pobos, culturas e ideas. A segunda planta detense nas saídas de Galicia cara o resto do mundo. Cada planta conta con dúas grandes áreas: **Mitos e Historias** (planta 1), **Memorias e Vidas** (planta 2). **Mitos** explica como no imaxinario de Galicia a idea da viaxe e da relación co foráneo é central. **Historias** percorre seis mil anos seleccionando momentos nos que a relación co mundo foi especialmente determinante. **Memorias** propón unha viaxe pola emigración galega desde o século XVIII ata hoxe en día e **Vidas** detense na presenza actual de Galicia no mundo, especialmente a través da idea da exportación e a presenza comercial.

IV.- O Centro Galicia de Buenos Aires, Cultural, Social y Deportivo naceu o 25 de xullo de 1979 para preservar os valores fundamentais das culturas de Arxentina, Galicia e España.

É unha asociación civil sen fins de lucro con consígnaa fundamental de unir os esforzos da colectividade galega en Arxentina. Entre os obxectivos e fins do centro e destaca a defensa da idiosincrasia galega, o ensino dos costumes e historia de España e Galicia, o cultivo do espírito da solidariedade e o traballo comunitario, como modo de evolución societaria, sen deixar de lado a historia e o respecto por todo o que representa a Arxentina.

Esta institución realiza todo tipo de actividades para que o patrimonio cultural xestado na emigración sexa coñecido na Galicia territorial como parte do seu compromiso coa nosa cultura e a nosa historia.

V.- Que o Centro Galicia de Buenos Aires, Cultural, Social y Deportivo é titular do edificio onde se atopa os murais “A malla” (1956, Óleo sobre táboa de Luis Seoane) e Escenas de Feira (1956. Triloxía de Murais. Deseñado por Seoane e executado pola Escuela Nacional de Cerámica).

VI.- Que dada a temática da exposición Galicia, un relato no mundo, a Fundación considera necesario incorporar estes murais ao argumentario expositivo da mostra, polo que





representan en si mesmo e pola importancia da figura de Luis Seoane, nado en Arxentina en 1910.

Pola imposibilidade de traslado de ditas pezas, se considera necesario dar a coñecer tan importante obra, a través de diversas fotografías a realizar polo insigne e reputado fotógrafo *Lalo Yasky*.

V.- Que visto todo o anterior, en Cidade da Cultura de Galicia pode contribuír ao desenvolvemento e enriquecemento do tecido galego e a promoción de novas iniciativas que aposten polo deporte da nosa comunidade.

VI.- Que, visto o anterior, as partes están interesadas en que se inclúan estas obras na exposición Galicia Un relato no Mundo, polo que acordan a sinatura do presente convenio, consonte coas seguintes

CLAUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

É obxecto do presente convenio, o establecemento das bases de colaboración para que as obras *A malla* (1956, Óleo sobre táboa de Luis Seoane) e *Escenas de Feira* (1956. Triloxía de Murais. Diseñado por Seoane e executado pola Escuela Nacional de Cerámica), estean presentes na exposición Galicia Un relato no Mundo que terá lugar no Museo Centro Gaiás, da Cidade da Cultura en Santiago de Compostela, entre o 14 de novembro de 2019 e a súa clausura o 12 de abril de 2020.

Esta presenza, se traducirá na proxección de fotografías realizadas polo fotógrafo Lalo Yasky respecto das obras indicadas no parágrafo inmediatamente anterior.

SEGUNDA.- OBRIGAS DAS PARTES

Serán obrigas da Fundación Cidade da Cultura de Galicia;

- Difundir o patrimonio cultural galego do Centro Galicia de Buenos Aires, Cultural, Social y Deportivo, a través da proxección de fotografías das obras *A malla* (1956, Óleo sobre táboa de Luis Seoane) e *Escenas de Feira* (1956. Triloxía de Murais. Diseñado por Seoane e executado pola Escuela Nacional de Cerámica), propiedade do Centro Galicia de Buenos Aires, Cultural, Social y Deportivo.

- Facerse cargo dos gastos precisos para que ditas fotografías sexan proxectadas nas salas expositivas do Museo Centro Gaiás, no marco da exposición Galicia Un relato no Mundo e achegar de maneira gratuíta os espazos expositivos no Museo Centro Gaiás para a proxección de ditas fotografías, entre eles, a contratación do fotógrafo Lalo Yasky.

- Compromiso de incluír e difundir a colaboración do Centro Galicia de Buenos Aires, Cultural, Social y Deportivo, en todo o material divulgativo e publicitario que edite, así como posibles entidades colaboradoras e/ou patrocinadoras, facendo constar expresamente que os fondos pertencen á colección de arte do Centro Galicia de Buenos Aires, Cultural, Social y Deportivo.

- Elaboración, coordinación, produción e asunción dos custos do catálogo da exposición, así como a xestión e pago dos dereitos de explotación da propiedade intelectual necesarios respecto da autoría das fotografías, para a súa publicación.





Para realizar a colaboración obxecto do presente convenio, Centro Galicia de Buenos Aires, Cultural, Social y Deportivo, asume os seguintes compromisos:

- Facilitar ao fotografo designado pola Fundación, o acceso ás obras "A malla" (1956, Óleo sobre táboa de Luis Seoane) e "Escenas de Feira" (1956. Triloxía de Murais. Deseñado por Seoane e executado pola Escuela Nacional de Cerámica) para a realización de ditas fotografías.
- Autorizar o uso das imaxes unicamente para a reprodución en catálogo, web/ s da Fundación Cidade da Cultura de Galicia ou en redes sociais, en folletos ou similares, para a realización e publicación de reproducións fotográficas e audiovisuais ou análogos, con motivo de calquera campaña de promoción específica ou xenérica que fose realizada pola Fundación para a promoción da exposición onde se exhiba a obra cedida, incluídos os fins didácticos e publicitarios da exposición.

O Centro Galicia de Buenos Aires a tales fins autoriza gratuíta e temporalmente á Fundación Cidade da Cultura de Galicia, a reprodución, distribución, comunicación pública (incluídas a exposición pública e a posta a disposición interactiva) e transformación, sempre enmarcados no contexto da exposición que se organizará no Museo Centro Gaiás.

A distribución conleva a facultade, á súa vez de que a Fundación Cidade da Cultura de Galicia poida colaborar con terceiras institucións coas que convenie a promoción e colaboración coa exhibición da exposición.

A autorización recollida neste documento, recoñécese para España e para o período de tempo que dure a exhibición, sen prexuízo de que para a difusión na internet, a autorización efectúese para todos os países do mundo. En todos os casos deberá deixarse constancia, en lugar destacado, que a obra é propiedade do Centro Galicia de Buenos Aires e que o seu lugar de exhibición habitual é a súa sede na Cidade de Buenos Aires.

TERCEIRA. – FINANCIAMENTO

Cada unha das partes financiarán os gastos derivados dos compromisos asumidos na cláusula segunda, con cargo aos seus orzamentos e a través dos seus propios medios e recursos materiais e humanos.

CUARTA. – TRIBUTOS

Na execución do contido do presente convenio, cada parte soportará os tributos que sexan do seu cargo segundo a Lei.

QUINTA. – SEGUIMIENTO E CONTROL

O seguimento da execución do establecido no presente convenio realizarase mediante o intercambio da información entre as partes e a elaboración de informes de avaliación e de valoración dos resultados.

Cada parte designará ao responsable do seguimento do presente convenio.





SEXTA. - MODIFICACIÓNS DO CONVENIO.

O presente convenio constitúe a manifestación expresa da vontade das partes en relación co seu obxecto e contido. Calquera modificación do mesmo deberá ser efectuada por escrito e asinada por ambas as partes.

SÉTIMA.- VIXENCIA E CAUSAS DE RESOLUCIÓN

O presente acordo entrará en vigor a partir da data da firma, e a súa vixencia estenderase ata o efectivo cumprimento das obrigacións que asumen as partes no mesmo e clausura da exposición.

Non cabe prórroga nin expresa nin tácita do convenio. Non obstante o anterior, o presente convenio poderá extinguirse en calquera momento por denuncia expresa de calquera das partes cun preaviso mínimo dun mes á data en que se desexe dalo por resolto.

Así mesmo, as partes poderán rescindir este convenio no caso de que unha delas incumpra as súas obrigacións e abstéñase de reparar o devandito incumprimento dentro dos quince (15) días seguintes ao aviso, notificación ou solicitude que a outra parte fágalle no sentido que proceda a cumprir a obrigación motivo do requirimento. No seu caso, a parte incumpridora deberá de reparar os eventuais danos e prexuízos que por tal motivo houber causado á outra parte.

A resolución anticipada do presente acordo non afectará as actividades en curso.

OITAVA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Serán causas de resolución do presente acordo:

1. O acordo mutuo entre as partes.
2. O incumprimento sistemático e continuado das cláusulas contidas nel.
3. As disposicións normativas ou, de ser o caso, acordos polos que extingan as partes ou se dispoñan outros usos para a Cidade da Cultura de Galicia.
4. O incumprimento dalgunha das demais obrigas contidas no presente acordo ou na normativa civil aplicable.

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre a Fundación Cidade da Cultura e os profesionais que vaian desenvolver as actividades previstas no convenio ou terceiros que colaboren na realización do obxecto do convenio, ben coa prestacións de servizos persoais e/ou profesionais, ou ben coa entrega de bens e subministracións tal xeito que non se lle poderá esixir á Fundación Cidade da Cultura de Galicia, responsabilidade ningunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento deste documento contractual.

NOVENA.- PUBLICIDADE

Este convenio de colaboración será obxecto de publicación na páxina web oficial correspondente, coa expresión da súa contía e finalidade, de acordo co disposto na Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno na Administración pública galega, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Neste sentido, as partes prestan expresamente o seu consentimento para que se lle dea ao presente Convenio a publicidade esixida.





DÉCIMA.- NATUREZA XURÍDICA DO CONVENIO E XURISDICIÓN APLICABLE

O presente convenio queda excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

O convenio rexeráse polas súas propias cláusulas e a interpretación que das mesmas realice a Comisión de Seguimento, así como pola normativa xeral que resulte aplicable, aplicándose os principios da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 para resolución de dúbidas e lagoas que puidese presentarse.

As partes se comprometen a resolver de común acordo calquera controversia que puidera suscitarse sobre a interpretación ou execución deste Convenio.

E para que así conste e aos efectos oportunos, as partes subscriben o presente acordo, en sinal da súa conformidade con este, por triplicado e conservando cada parte un exemplar, en lugar e data ut supra.

**Por Fundación Cidade da Cultura
de Galicia**

**Por Centro Galicia de Buenos Aires,
Cultural, Social y Deportivo**

**D. Manuel Vila López
Secretario do Padroado**

**D. José María Vila Alén
Presidente**

